

Roberto Pascual: "Traslado que tipo de país, de nación, queremos construír na Galiza con estas diversidades"

Roberto Pascual, profesor na ESAD da Galiza e director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, vén de presentar 'Sophie non é o meu nome de guerra', a obra coa que gañou o Premio Rafael Dieste da Deputación da Coruña en 2021. A peza, escrita para ser interpretada por dúas actrices, trata a historia dunha muller migrante, a riqueza das culturas de África e o tráfico de persoas cara Europa.

Antón Escuredo 16/mar./22

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/roberto-pascual/20220315193011139182.html>

Como traballou esta historia tan dura?

É o primeiro texto de ficción que escribo e dar o salto á [creación](#) desde o ensino era como un abismo. Tiña claras dúas premisas. Primeiro, facer o teatro que a min me gusta, o que considero máis innovador desde a escena. Desta maneira saíu unha peza que, desde o punto de vista estilístico, permitíame moito xogo escénico, moita mestura de distintas disciplinas artísticas.

Ten un proceso de documentación mais desbota moitos elementos para que opere o silencio e outro tipo de [linguaxes escénicas](#) que non sexan só a palabra. En segundo lugar, quería falar dunha cuestión que ás veces é invisíbel no noso contexto, que semella que non é unha realidade galega. O propio xurado, di que é un tema insólito na cultura galega, que nunca se abordou desta maneira e con esta estrutura no teatro de aquí.

É certo que fala de migración, de redes de trata de mulleres con fins de explotación sexual, mais tamén fala da burocracia do noso sistema, das políticas do Frontex que son máis de protección que de axuda ás persoas que precisan asilo ou que son vítimas de redes de trata. Mulleres que son obrigadas a utilizar os seus corpos, como Sophie, para saldar unha débeda que repercutirá no seu futuro, no seu desenvolvemento e na súa autoestima e integridade como persoa. Sophie é unha personaxe moi complexa.

Foi difícil a inmersión nesa personaxe tan complexa?

Partín de historias de vida. Traballei con algunhas ONG como voluntario e coñecín a realidade diversa de moitas mulleres en situación de prostitución mais con algúns fíos en común. Todas son vítimas de redes e todas operan da mesma maneira para amedrentar, para utilizar os corpos destas mulleres como un salvoconduto nos seus negocios e logo para soste un negocio moi rendíbel. Cantas situacións se viven no noso país para celebrar nun puticlub certos éxitos?

Elas, como indica o nome da peza, empregan un nome de guerra para saír á fronte. Compároo como algo bélico, as mulleres sempre teñen que estar preparadas como nun combate para ofrecer a mellor cara e un agarimo que non é máis que unha carauta. Sophie ten que facelo renunciando a atender ben os seus fillos.

Lin moitos ensaios e quixen tratar dignamente esta cuestión. Foi moi inspiradora a socióloga Silvia Pérez Freire, que fala da "víctima perfecta". Ás veces os medios de comunicación sensacionalistas crean un relato épico das migracións ou unha traxedia moi lacrimóxena e eu non quería facer isto. Entendo que a arte diferénciase da socioloxía e do xornalismo en que ten que crear situacións de esperanza, de beleza e situacións de contradición. Creei unha personaxe por momentos contraditoria, vital mais perigosa e por veces autodestrutiva.

Cal é a mensaxe que quere trasladar con esta obra?

Gustárame trasladar a mensaxe dunha ficción que nos fala de moitas realidades ocultas como é a utilización do corpo das mulleres en moitos ámbitos. Quixen poñer o corpo da muller como protagonista. Un corpo que desde cativa pola súa precocidade ten que ocultar, por ser un imán para os abusos. Despois a [utilización dese corpo](#) como un ventre de alugueiro ao deixarse violar para entrar máis facilmente no terreo soñado por ela. Quédase embarazada no que se denomina nas políticas migratorias na trama dos "nenos áncora", unha realidade inventada nas nosas fronteiras e logo despois despréndense deses nenos non desexados. A utilización do corpo da muller en termos de biopolítica.

Quero falar dos abusos e ao mesmo tempo da reconstrución dunha vida aos 40 anos dunha muller negra, migrante, no contexto galego. Intégrase na nosa cultura. Traslado que tipo de país, de nación, queremos construír na Galiza con estas diversidades.